

# Semana da Ópera en Compostela

Amigos  
da Ópera  
Santiago  
de  
Compostela

Luns 5 de maio

Rúa do Vilar, 19, 20:00 horas

Joan Matabosch

A ópera como arte. Modelos de xestión

Martes 6 de maio

Paraninfo da Universidade, 20:00 horas

Drama in musica. A ópera veneciana no XVII

Mercedes Hernández, soprano

Felix Rienth, tenor

Fernando Reyes, fiorba

Paulo González, flautas de pico

Mércores 7 de maio

Facultade de Dereito, 17:00

A ópera e os dereitos de autor

Isabel Espín Alba

Xoves 8 de maio

Cinesa As Cancelas, 20:00

Sábado 10 de maio

La Bohème

Teatro Principal, 20:00 horas

Recital Lírico

María Ruiz, soprano

C.E. Pérez, piano



XUNTA  
DE GALICIA



Coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura

**LUNS, 5 DE MAIO, 20:00 HORAS**  
**Salón de actos Novagalicia Banco**  
**Rúa do Vilar, 19**

**Coa colaboración do Ateneo de Santiago**  
**Entrada libre**

**JOAN MATABOSCH**  
**“A ÓPERA COMO ARTE. MÓDELOS DE XESTIÓN”**

Director Artístico do Teatro Real desde a tempada 2013-2014. Director Artístico do Gran Teatre del Liceu desde o ano 1997 ao 2013. Anteriormente foi Director Artístico Adxunto e director do departamento de Dramaturxia do mesmo teatro e tamén exerceu como xornalista, crítico de ópera, teatro, música e danza en diversas publicacións .

Ten a carreira de Piano, Canto e Harmonía, é Licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Autónoma de Barcelona e estudou Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid.

Foi fundador e presidente de Opera Europa e forma parte de xurados de prestixiosos concursos internacionais, musicais e líricos.

Como Director Artístico do Gran Teatre del Liceu foi, ao longo dos últimos quince anos, responsable da programación artística do teatro, favorecendo a normalización no repertorio do Liceu dos grandes compositores do século XX, potenciando a presenza dos melhores cantantes, directores de orquestra e de escena do circuito internacional.

Joan Matabosch apostou con frecuencia por novas producións con grandes directores de teatro españois como La Fura dels Baus, Calixto Bieito, Comediants, Mario Gas, Núria Espert, Lluís Pasqual, José Luís Gómez, Àlex Rigola, Rafel Duran, etc. Tamén favoreceu coproduccións cos grandes teatros internacionais e desenvolveu un gran proxecto audiovisual que inclúe máis de cincuenta edicións de producións do Gran Teatre del Liceu.

O pasado 26 de setembro foi anunciado o seu nomeamento como novo director artístico do Teatro Real, cargo efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2014.



**MARTES, 6 DE MAIO, 20:00 HORAS**  
**Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela**  
**Facultade de Xeografía e Historia**

**Coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela**

**Entrada libre**

**"DRAMA IN MUSICA "**

**A ópera veneciana no século XVII. O nacemento da ópera**

**PRÓLOGO**

Claudio Monteverdi (1557-1643)

L'Orfeo (1607, Mantua)

Prólogo: La Musica Acto I: Orfeo: "Rosa del ciel"

Il ritorno d'Ulisse in patria (1641, Teatro San Cassiano, Venezia)

Prólogo: Amore: "Dio de dei feritor"

Acto I, escena 9: Ulisse: "O fortunato Ulisse"

L'incoronazione di Poppea (1642, Teatro Grimano/S. Giovanni e Paolo, Venezia)

Acto III, escena 7: Ottavia "Addio Roma"

Finale: Nerone/Poppea: "Pur ti miro"

**ATTO I**

Francesco Cavalli (1602-1676)

Gli amori d'Apollo e di Dafne (1640, Teatro San Cassiano, Venezia)

Acto I, escena 4: Dafne: "Musica, dolce musica tu sei"

Coro: "Danzate o ninfe"

Xerxe (1654, Teatro S. Giovanni e Paolo, Venezia)

Xerxe: "Ombra mai fu"

Scipione africano (1664, Teatro S. Giovanni e Paolo, Venezia)

Acto II, escena 9: Ceffea/Lucceio: "Sciocarello"

Acto I, escena 14: Ericlea: "Nudo arciero"

**ATTO II**

Pietro Andrea Ziani (1616-1684)

Le fortune di Rodope e Damira (1657, Teatro San Cassiano, Venezia)

Rodope: "Rendetemi il mio bene"

Il talamo preservato dalla fedeltà d'Eudossa (1683, Teatro San Cassiano, Venezia)  
Massimo: "Chi non usa qualche frode"

Giovanni B. Rovettino (1620-1691)

Gli amori d'Apollo e di Leucotoe (1663 Teatro S. Giovanni e Paolo, Venezia)  
Leucotoe: "Pria giusto Rè"

## FINALE

Francesco Cavalli (1602-1676)

Giasone (1649, Teatro San Cassiano, Venezia)  
Acto II, finale: Alinda/Besso: "Quanti soldati"

## INTÉRPRETES

Mercedes Hernández. Soprano

Felix Rienth. Tenor

Fernando Reyeis. Tiorba

Paulo González. Flautas de pico

## A ópera na Venecia no século XVII

Venecia foi durante séculos unha das cidades mais ricas do mundo, centro económico do comercio co Oriente. Con poder económico e independencia política, foi un destacado centro artístico, musical e teatral, contando sempre cos mais afamados pintores, arquitectos, músicos e actores, e estando sempre aberta a producir e aceptar novedades. É por esa razón pola que en Venecia acollerón con entusiasmo as "revolucionarias" ideas da Camerata Florentina, que nos comezos do século XVII andaba á procura do nacemento dun novo espectáculo músico-teatral en semellanza ás antigas tragedias gregas.

O gran Claudio Monteverdi soubo aproveitar ao máximo esas ideas poñendo o seu xenio ao servizo da creación do gran espectáculo do "drama in musica". Monteverdi, como bo afeccionado á alquimia, mesturou nun cóctel máxico de efectos perennes toda a súa sabedoría e experiencia e todo o que Venecia lle ofrecía: a súa tradición musical, cunha chea de músicos e cantantes profesionais procedentes das fructíferas capelas dos palacios ou da Igrexa, e a súa tradición teatral, reflectida na enorme actividade das compañías de "Commedia dell'Arte" e na gran produción de espectáculos visuais relacionados co Entroido, sabendo crear un produto que acaparou a atención do sector económico e das familias podentes. Estas viron un medio co que Enriquecerse e canalizar os seus investimentos nun

momento no que os grandes astilleiros do "Arsenale" de Venecia se atopaban en crise, atopando así ademais nova ocupación para os enxeñeiro, inventores, técnicos, obreiros, e medios técnicos procedentes do "Arsenale" para a creación dos teatros (mais de oito adicados á ópera nese século) e mais ainda para a elaboración das complicadísimas maquinarias escénicas empregadas nas representacións.

No cumprimento do fin mais importante do arte barroco, "mover os afectos", e do fin económico, que o público volvese ao mesmo teatro nas seguintes representacións ou producións, por suposto pagando a súa entrada, a ópera, que tal vez se quedou nunha novidade ou moda pasaxeira, pasou a ser un espectáculo que marabillaría tanto a venecianos como a viaxeiros, emprendendo así un camiño que só será interrompido ao final do segundo milenio coa chegada do cine e cos novos medios de comunicación de masas.

### **Mercedes Hernández. Soprano**

Nada en Santiago de Compostela. Estuda canto, coa especialidade en música antiga, no Conservatorio de Toulouse (Francia), na Musikhochschule de Trossingen (Alemania), e na Schola Cantorum Basiliensis (Basilea-Suiza) con profesores como Guillemette Laurens, Richard Levitt e Montserrat Figueras. Colabora en concertos e gravacións con destacados grupos como A Capella Reial de Catalunya, que dirixe Jordi Savall, Le Parlement de Musique, dirixido por Martin Gester, Ensemble Elyma, con Gabriel Garrido, The Harp Consort con Andrew Lawrence King, La Fenice con Jean Tubery, etc., tendo actuado en moitos dos principais auditórios e festivais de Europa e América. Con Fernando Reyes grava Tonos de Amor adicado ás cancións para voz e guitarra do autor barroco José Marín.

No 2002 debuta no Gran Teatre del Liceu de Barcelona co rol de Ninfa na ópera de Claudio Monteverdi L'Orfeo dirixida por Jordi Savall.

### **Felix Rienth. Tenor**

Fillo de nai española e pai suizo, naceu en Basilea. É neto do poeta e autor de numerosos ensaios Fernando Allué e Morer. Recibiu a súa primeira formación musical na Knabenkantorei Basel (Coro de nenos de Basilea), debutando na Ópera de Basilea como "Primeiro Xenio" na Flauta máxica de Mozart, dirixida por Armin Jordan. Estudou canto en Basilea, e acadou a diplomatura polo Conservatorio Superior de Música de Berna, na "Ópera Studio Suisse". Realiza concertos nas salas mais prestixiosas de Suiza e é invitado dende moitos países de Europa como intérprete de oratorios: Filarmónica de Colonia, Mozarteum de Salzburgo, Filarmónica de Graz, Múnich, Bruxelas, Haxaa, etc. Tamén actuou nos mais importantes festivais europeos. Traballou repertorio de música antiga, no que centra a súa discografía, con Eduardo López Banzo, Gabriel Garrido e Frans Brüggen, entre outros, ademais de ser cofundador da Tempesta Basel. Colabora habitualmente con Resonet en concertos e gravacións desde o ano 2003.

### **Fernando Reyes. Tiorba**

Inicia os seus estudos como neno cantor na Escolanía da Catedral de Santiago de Compostela. Especialízase nos instrumentos antigos de corda pulsada no Conservatorio de Toulouse e na Staatliche Hochschule für Musik de Trossingen (Alemania) con Rolf Lislevand.

Como instrumentista realiza unha intensa actividade de concertos e gravacións como solista e acompañante en toda Europa. Ademais de compoñer e dirixir a música de diversas obras teatrais, publicou diversos artigos sobre música antiga e realizou varias guías musicais e libros-CD. Impartiu seminarios e conferencias en diferentes universidades e centros de ensino europeos. Grava como solista Viaxe a Compostela, con músicas sobre diarios dos peregrinos.

Dirixe o grupo de música antiga Resonet ([www.resonet.es](http://www.resonet.es)), que fundou con Mercedes Hernández en Santiago de Compostela no ano 1990, co que realizan numerosos concertos en prestixiosos festivais e en auditórios de toda Europa e co que fan gravacións centradas nas músicas de Galicia e do Camiño de Santiago.

### **Paulo González. Flautas de pico**

Recoñecido intérprete de gaitas e zanfonas antigas, é diplomado superior en flauta de pico na ESMAE do Porto (Portugal). Acadou o título en Educación Musical pola Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo e Licenciado en Historia e Ciencias da Música. Forma parte do consorte de flautas "A imagem dá melancolía". Fundou o grupo de Música Medieval "Amar contra o silêncio"

Colabora habitualmente con Resonet dende 2005 en concertos e gravacións

**MÉRCORES, 7 DE MAIO, 17:00 HORAS**  
**Sala de Xuntas da Facultade de Dereito**

**Coa colaboración da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de  
Compostela**  
**Entrada libre**

**ISABEL ESPÍN ALBA**  
**“A ÓPERA E OS DEREITOS DE AUTOR”**

A Profesora Isabel Espín Alba pronunciará unha conferencia na Facultade de Dereito.

É doutora en Dereito e profesora Titular de Dereito Civil da Universidade de Santiago de Compostela, sendo na actualidade Vicedecana de Asuntos Académicos da Facultade de Dereito. É autora de numerosas publicacións no eido dos dereitos de autor, entre as que destaca o artigo “Ópera y derechos de autor: a propósito de las ediciones críticas” (Actas de derecho industrial y derecho de autor, ISSN 1139-3289, Tomo 33, 2012-2013 , págs. 89-112).

## **XOVES 8 DE MAIO, 20:00 HORAS CINESA As Cancelas**

**Socios dos Amigos da Ópera, 7 euros, identificándose co carnet ou na caixa  
Público, 9 euros**

### **LA BOHÈME**

Proxección da representación de Salzburgo, 1 Agosto 2012

Director: Daniele Gatti

Director de escena: Damiano Michieletto

Escenografía: Paolo Fantin

Traxes: Carla Teti

Luces: Martin Gebhardt

Reparto

Piotr Beczala, Rodolfo

Anna Netrebko, Mimì

Massimo Cavalletti, Marcello

Nino Machaidze

Alessio Arduini, Schaunard

Carlo Colombara, Colline

Davide Fersini, Benoît

Peter Kálmán, Alcindoro

Steven Forster, Parpignol

Wiener Philharmoniker

Coro da Asociación de Concertos da Wiener Staatsoper

Coro de nenos no Festival de Salzburgo

# **SÁBADO 10 DE MAIO, 20:00 HORAS**

## **Teatro Principal de Santiago de Compostela**

**Coa colaboración do Concello de Santiago**

**Socios dos Amigos da Ópera, entrada a disposición na taquilla do Teatro Principal, de 18 a 21 h, de martes a sábado.**

**Público, 5 euros**

**Socios do Ateneo, 2'50 euros**

### **RECITAL LÍRICO**

**MARÍA RUIZ, SOPRANO**

**CARLOS E. PÉREZ, PIANO**

### **PROGRAMA**

#### **1ª Parte**

"O mio babbino caro"

(*Gianni Schicchi*, G. Puccini)

"Vissi d'arte, vissi d'amore"

(*Tosca*, G. Puccini)

"Paráfrase de O du mein holder Abendstern"

(*Tannhäuser*, R. Wagner / F. Liszt)

"Liebestod"

(*Tristan und Isolde*, R. Wagner)

#### **2ª Parte**

"Ecco l'orrido campo"

(*Un ballo in maschera*, G. Verdi)

"Pace, pace mio Dio"

(*La forza del destino*, G. Verdi)

"Une caresse à ma femme"

(*Péchés de vieillesse*, G. Rossini)

"Tacea la notte placida ..."

(*Il Trovatore*, G. Verdi)

"Santo di Patria ... Allor che i forti corrono"

(*Attila*, G. Verdi)

## **María Ruiz (soprano)**

Inicia os seus estudos musicais na súa cidade natal Segovia, que completa posteriormente na Escola Superior de Canto de Madrid. Perfecciónase con Victoria de los Ángeles, Istvan Cesjan, Wolfgang Rieger, Sergio Bertocchi, Teresa Berganza, Edelmiro Arnaltes e Pedro Lavirgen. Finalista de diversos e prestixiosos concursos de canto, gaña o primeiro premio no V Concurso Internacional de Canto “Pedro Lavirgen” no ano 2007.

A súa carreira profesional desenvólvese en España, principalmente, destacando: “La Medium” (Menotti) na Coruña e Valladolid, “Le Nozze de Figaro” (Mozart) en Madrid, “Pan y Toros” (Barbieri) e “Estreno de un artista” (Gaztambide) no Teatro da Zarzuela de Madrid, “La Rondine” (Puccini) en Girona, “I Pagliacci” (Leoncavallo) en Málaga, “Madama Butterfly” en Madrid, Barcelona e Lucca (Italia), “La Bohème” (Puccini) en Pamplona e Madrid, “Norma” (Bellini) en Madrid e Vigo, “La Traviata” (Verdi) en Madrid, Barcelona, Valladolid, Valencia e Vigo, “Carmen” (Bizet) en Almería e Madrid ou “Il Trovatore” (Verdi) en Almería. María Ruiz foi a protagonista, nas últimas tempadas, das zarzuelas representadas no Teatro Euskalduna de Bilbao en títulos como: “La leyenda del beso” (Soutullo e Vert), “El huésped del sevillano” (Guerrero) e “Katuska” (Sorozábal). En abril do ano 2012, estreou a obra “Cinco Cantigas”, do compositor galego E. Soutullo. Próximamente cantará o papel titular da “Madama Butterfly” de Puccini en Bilbao.

Entre os directores cos que traballou, destacan José Miguel Pérez Sierra, Josep Pons, Miquel Ortega, Adrien Leaper, Carlos Cuesta ou Guerassim Voronkov. Compaxina a súa actividade en teatros con recitais por distintos lugares, tendo feito unha xira internacional co Instituto Cervantes, para a difusión da música clásica española.



## **Carlos E. Pérez (piano)**

Nado en Vigo. Comeza os seus estudos de piano no Conservatorio Superior de Música desta cidade con Enrique Goberna e Josefa Estarque. Paralelamente, desenvolve e perfecciona a súa técnica cos pianistas Peter Bithell e Alexander Gold. Estudia mais tarde con diversos mestres como Luiz de Moura, Josep Colom, Roberto Bravo ou Lidia Stratulat, o que lle permite tomar contacto con algunas das mais importantes escolas pianísticas e, no acompañamento vocal, con M. Cabero ou Miguel Zanetti.

No 1992 gradúase brillantemente como profesor Superior de Piano, labor que leva desempeñando dende fai anos en diversos centros oficiais como os conservatorios de música de Redondela, Tui, ou o conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, centro do que foi director. Tamén está en posesión dos títulos de Profesor Superior de Música de Cámara, Solfeo, Transposición e Acompañamiento. Na actualidade, e con praza por oposición de profesor de piano, exerce como pianista acompañante de repertorio vocal e instrumental no Conservatorio Superior de Música de Vigo. A súa actividade concertística é diversa e comprende múltiples facetas. Ademais de recitais como solista está especializado como acompañante instrumental e vocal, tendo intervindo xunto a coros, formacións camerísticas, orquestras sinfónicas ou cantantes como María Ruiz, Nuria Lorenzo ou Mikeldi Atxalandabaso. Forma dúo estable xunto coa cellista Ana Torres coa que actuou en diversas salas de concertos.

Tomou parte como conferenciante e intérprete no I Ciclo de Compositores Galegos e en diversos ciclos de conferencias dos Amigos da Ópera de Vigo. Foi premiado co Diploma de Honor do T.I.M. e a Segunda Medalla do Concours Musical de France que tivo lugar en París en 1996.

